



### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### Anuncio

Resolución do 20 de novembro de 2018, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Lugo, pola que se anuncia convocatoria para o levantamento das actas previas á ocupación dos predios afectados polo proxecto do parque eólico Pastoriza-Rodeiro (Expediente LU-11/141-EOL).

Por resolución do 19 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, outórgase autorización administrativa previa e autorización administrativa de construción as instalacións relativas ó proxecto do parque eólico Pastoriza-Rodeiro, emprazado no municipio de A Pastoriza (Lugo) e promovido por Fenosa Wind, SL e por Resolución do 31 de outubro de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, faise público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 25 de outubro de 2018, pola que se declara a utilidade pública, en concreto, así como a prevalencia sobre diversos aproveitamentos forestais, do parque eólico Pastoriza-Rodeiro (DOG núm 218, do 15 de novembro)

Esta declaración de utilidade pública, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 24/2013, de 26 de decembro do sector eléctrico, leva implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

Por razón do exposto, esta Xefatura Territorial, en cumprimento do disposto no devandito artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados, cos que non se chegou a un acordo e que se relacionan no anexo, para que comparezan o vindeiro **27 de decembro no Concello de A Pastoriza**, como punto de reunión, para levar a cabo o levantamento de actas previas á ocupación.

Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade e o último recibo da contribución, podendo acompañarse dos seus peritos e un notario, se o estiman oportuno, con gastos pola súa conta.

Así mesmo, advírtese a todos os interesados afectados que poderán formular alegacións por escrito nesta Xefatura Territorial (Rolda da Muralla 70, 27071 Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de rectificar posibles erros na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de Expropiación Forzosa).

Desta convocatoria darase traslado a cada interesado mediante a oportuna citación individual, na que se sinalará día e hora para o levantamento de actas previas. Esta publicación realízase igualmente, para os efectos que determina o art.44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos ou se ignore o lugar de notificación.

No expediente expropiatorio Fenosa Wind SL, asumirá a condición de beneficiaria.

Lugo, 20 de novembro de 2018.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

Relación de bens e dereitos afectados polo parque eólico Pastoriza-Rodeiro										
Parcela		Datos Catastrales				Afecciones (m2)				
Código	Propietario	Pol.	Par.	Paraxe	Cultivo	Pleno Dominio		Servidumbres de Paso		Servidume Voo
						Cím.	Plat.	Vial	Zanja	
Ayuntamiento de A Pastoriza										
3	Fiscal da Audiencia Provincial (Descoñecido)	27	114	Campelos	Matorral		1544	24	74	812

7	Ernesto López Villamel	29	433	Porto Paraxuas	Monte Alto		193	37	112	
18/1	Hdos. Samarita Prieto Nogueira Rpta. Jairo CalderonPrieto Tutor - Lexo Calderon Lopez	27	159	Dezas	Prado			79		
24	José Antonio Edrosa López	26	2	Monte Alto	Prado			244	163	766
58	M.V.M.C. del Loboso Rpta. Félix González Grandio	28	5002	Mudia	Pinar					1923
69	M.V.M.C. de S. Vicente de Reigosa Rpta. Diogenes Iglesias Cabaneiro	28	199	Mudia	Pinar	722	7646	2051	1907	19841
71	Fiscal da Audiencia Provincial (Descoñecido)	28	329	Mudia	Matorral			1086	216	
88	M.V.M.C. de S. Vicente de Reigosa Rpta. Diogenes Iglesias Cabaneiro	28	5011	Mudia	Matorral	717	4243	7688	2133	15209
101	Javier Teijeiro Alvarez y Hnos.	400	100	Fregonzo	Monte Alto		747		109	1476
102	Fiscal da Audiencia Provincial (Descoñecido)	400	99	Fregosel	Monte Alto	274	576		164	3049
103	Gonzalo Edrosa Portela	400	98	Fregonzo	Eucaliptus					832

R. 3341

### Anuncio

Resolución do 20 de novembro de 2018, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Lugo, pola que se anuncia convocatoria para o levantamento das actas previas á ocupación dos predios afectados polo proxecto do parque eólico Punago-Vacariza (Expediente LU-11/139-EOL).

Por resolución do 3 de agosto de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, outórgase a autorización administrativa previa e autorización administrativa de construción ás instalacións relativas o proxecto do parque eólico Punago-Vacariza, emprazado nos municipios de Castroverde, Baralla e Baleira (Lugo) e promovido por Fenosa Wind, SL e por Resolución do 29 de outubro de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, faise público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 18 de outubro de 2018, polo que se declara a utilidade pública, en concreto, así como a prevalencia sobre diversos aproveitamentos forestais, do parque eólico Punago-Vacariza (DOG núm 218, do 15 de novembro)

Esta declaración de utilidade pública, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 24/2013, de 26 de decembro do sector eléctrico, leva implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

Por razón do exposto, esta Xefatura Territorial, en cumprimento do disposto no devandito artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados, cos que non se chegou a un acordo e que se relacionan no anexo, para que comparezan o vindeiro **27 de decembro nos Concellos de Castroverde, Baralla e Baleira**, como punto de reunión, para levar a cabo o levantamento de actas previas á ocupación.

Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade e o último recibo da contribución, podendo acompañarse dos seus peritos e un notario, se o estiman oportuno, con gastos pola súa conta

Así mesmo, advírtese a todos os interesados afectados que poderán formular alegacións por escrito nesta Xefatura Territorial (Rolda da Muralla 70, 27071 Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de rectificar posibles erros na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de Expropiación Forzosa).

Desta convocatoria darase traslado a cada interesado mediante a oportuna citación individual, na que se sinalará día e hora para o levantamento de actas previas. Esta publicación realízase igualmente, para os efectos que determina o art.44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos ou se ignore o lugar de notificación.

No expediente expropiatorio Fenosa Wind SL, asumirá a condición de beneficiaria.

Lugo, 20 de novembro de 2018.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

Relación de bens e dereitos afectados polo parque eólico Serra do Punago-Vacariza													
Parcela		Datos Catastrales				Afecciones (m <sup>2</sup> )							
Código	Propietario	Pol.	Par.	Paraxe	Cultivo	Pleno Dominio				Serv. de Paso		Servidumbre de vuelo	
						Cim.	Plat.	Torre. met.	Sub.	Vial	Zanja		
<b>Ayuntamiento de Baleira</b>													
13	Lago Fernández Cesar - M.V.M.C. de Puñado	67	93	Monte Puñado	Prado	414	3037				869	559	3952
45	Fiscal da Audiencia Provincial (Descoñecido)	67	93	Monte Puñado	Pinar						2064	995	
46	González Fernández Jesús - M.V.M.C. de Pousada, Eirexe Y Rego de Pereira	67	137	Rañadoiro do Baleira	Pinar				6400		5899	2963	
75	González Fernández Jesús - M.V.M.C. de Pousada, Eirexe Y Rego de Pereira	101	59	Monte de Airexe	Pinar	762	1593				1878	2713	
76	González Fernández Jesús - M.V.M.C. de Pousada, Eirexe Y Rego de Pereira	101	53	Monte de Airexe	Pinar	676	3535	89			8541	2117	14874
78	Pereira Correa José Antonio - M.V.M.C. de Quinta y Queirugal	101	49	Peza	Pinar	205	212				3017	1260	10544
<b>Ayuntamiento de Baralla</b>													
79	M.V.M.C. de Barrosa Rpta. Pérez Gómez Manuel	1	1	Prado da Porta	Pinar	676	1561					41	5290
<b>Ayuntamiento de Castroverde</b>													
36	Fernández Gómez José	142	75	Agriño Pequeño	Eucaliptos						713	127	1886
38	Fernández Neira M <sup>a</sup> Carmen	142	77	Agriño Pequeño	Matorral						709	219	
42	Neira Pardo Jovita	142	81	Agro do Medio	Matorral						1558	151	399
66	Neira Pardo Jovita	143	359	Cabote	Matorral	83	2409					158	1608
68/1	Castedo Dorado Fernando	143	366	Cabote	Matorral								259
68	Gallego Becerra M <sup>a</sup> Alicia	143	361	Cabote	Monte Alto								323
69	Neira Pardo Jovita	143	367	Lamas	Monte Alto								1875
70	Gallego Becerra M <sup>a</sup> Alicia	143	365	Lamas	Monte Alto							98	1722
77	Fernández Arias Joaquin - M.V.M.C. de Furís	148	184	Serra da Lagoa	Pinar	1137	8978				13810	6424	8664
80	Fernández Arias Joaquin - M.V.M.C. de Furís	149	218	Leiro da Uceira	Prado		959					429	3364
81	Fernández Arias Joaquin - M.V.M.C. de Furís	149	274	Leiro da Uceira	Prado		4				799	480	

*Anuncio***Resolución de 16 de novembro de 2018 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Carballedo. (expediente IN407A 2017/113-8597-AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Unión Fenosa Distribución S.A
- Domicilio social: A Batundeira, Velle, Ourense
- Denominación: LMTS, CT e RBTS Irmáns Fernández Dorrego, N.º 7 e o seu anexo
- Situación: concello de Carballedo
- Características técnicas:
  - LMT soterrada a 20kV con orixe nun paso aéreo a soterrado ubicado no apoio existente BCSVEVSQ/80-4-5 e final no centro de transformación proxectado, cunha lonxitude de 155 metros en conductor tipo RHZ1-95.
  - Centro de Transformación Compacto telecontrolado GSM/GPRS/FO, cunha potencia proxectada de 250kVA, no cal se instalan dúas celas de liña e unha de protección, relación de transformación 20.000/400-230V.
  - RBT soterrada con orixe no CT proxectado e final na CXP da residencia da terceira idade, cunha lonxitude de 4 metros en conductor tipo XZ1.
  - RBT soterrada con orixe no CT proxectado e final na RBT existente, cunha lonxitude de 30 metros en conductor tipo XZ1.
  - RBT soterrada con orixe no CT proxectado e final na CXP do grupo escolar da Barrela, cunha lonxitude de 4 metros en conductor tipo XZ1.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de

decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, do 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións

eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da fecha da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Empleo e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 16 de novembro de 2018.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 3414

---

**EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**  
**SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO**

*Anuncio*

CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS DE CARÁCTER EXCEPCIONAL OUTORGADAS POLA SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO DESTA ORGANISMO PROVINCIAL CORRESPONDENTES Á ANUALIDADE

2016,2017. De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a xestión das subvencións rexerese, entre outros, polos principios de publicidade e transparencia, así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 18 da lei de referencia e no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, se dá publicidade ás subvencións directas de carácter excepcional concedidas pola Presidencia da Excm. Deputación Provincial de Lugo referidas á anualidade 2015.

AREA	UNIDADE	ENTIDADE	REPRESENTANTE	OBJETO	APLICACIÓN	IMPORTE	ANOS
AREA DE PROMOCIÓN ECONOMICA Y SOCIAL	SECCIÓN DE PROMOCIÓN Y EMPREGO	OVICA	María do Carme Fernández Carreira	Actividades Xenéricas da Asociación no ano 2016	419.048.911	3.000	2016
AREA DE PROMOCIÓN ECONOMICA Y SOCIAL	SECCIÓN DE PROMOCIÓN Y EMPREGO	CENTRO COMARCAL URBANO DE MONFORTE	María José Senra Sánchez,	Ejecución del "Alquiler carpa 800m2 pasarela de moda"	433.048.911	2.000	2017

Lugo, 30 de Novembro de 2018" O PRESIDENTE P.D. Decreto Nº 0402/2017 de data 24-02-2017, O DEPUTADO PROVINCIAL, PABLO RIVERA CAPON.

R. 3450

## SUBÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO E ARTÍSTICO, ARTESANÍA E DESEÑO E EDUCACIÓN. CENTRO DE ARTESANÍA E DESEÑO

### Anuncio

#### SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS E ASOCIACIONES SEN ÁNIMO DE LUCRO, DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ARTESANÍA 2018.

Para os efectos oportunos, publícanse ás subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas e asociacións sen ánimo de lucro, da provincia de Lugo, para a realización de actividades de promoción da artesanía 2018, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 30 de novembro de 2018 de "Conceder as subvencións individualizadas que se mencionan nas seguintes listaxes así como a desestimación das subvencións que así mesmo se figuran nas listaxes".

De acordo co punto 10 das bases da convocatoria, e ao abeiro do artigo 45 da Lei 39/2015, 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución de concesión das axudas por parte da Xunta de Goberno, será obxecto de notificación por medio publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

#### CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS E ASOCIACIONES SEN ÁNIMO DE LUCRO, DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ARTESANÍA NA ANUALIDADE 2018

Nº REXISTRO	ENTIDADE	CIF	ACTIVIDADE	TIPO	SUBVENCIÓN
11589	A.C. AMIGOS DO FOLIÓN	G27113638	OBRADOIRO RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA TRADICIÓN DOS CARROS	EVENTO	1000
11711	ASOC. PROFESIONAIS, COMERCIANTES E ARTESÁNS DE SAMOS	G27480169	FEIRA DE PRODUTOS ARTESANAIS	EVENTO	1000
11927	CENTRO CULTURAL PENAS DE RODAS	V27014034	CURSO DE CESTERÍA	CURSO	950
11951	ANPA DO COLEXIO PÚBLICO RICARDO GASSTET DO INCIO	G27230382	OBRADOIRO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA PANDEIRA	CURSO	862
11981	AAVV DISTRIZ - SAN MARTIÑO DE VILALBA	G27335520	CURSO DE TAPIZARÍA	CURSO	447,06

12092	A.C. 25 XASTRES	G27472505	FEIRA DOS BICOS	EVENTO	918,55
12181	A.C. PROA DE VIVEIRO	G27456086	CURSO DE MODISTA	CURSO	1000
12282	ASOC.CULTURAL E VECIÑAL STA.MARIÑA DE CERDEDA	G27398908	CURSO DE CESTERÍA	CURSO	997,50
12298	ASCV. A COSTOÑA	G27487248	CURSO DE CESTERÍA	CURSO	760
12449	AAVV. DE BENADE-CALBRAVA	G27296441	CURSO ENCAIXE DE BOLILLOS	CURSO	800
12451	AAVV. SAN AMARO DE BARBAÍN	G27386952	CURSO DE CESTERÍA	CURSO	1000
12471	ASOCIACIÓN AMIGOS DA LIGA SANTABALLESA	G27347632	CURSO DE CARPINTARÍA	CURSO	1000
12509	AMMRR DE BEREÁ	G27232412	CURSO DE CESTERÍA	CURSO	831,25
12522	AS BULIDOIRAS	G27113406	OBRADOIRO DECORACIÓN DE TEAS PARA CONFECCIÓN REGALO ARTESÁN CON XABÓNS E OUTROS PRODUTOS CASEIROS	CURSO	1000
12551	ASOCIACIÓN O MUÍÑO VELLO DE MATELA	G27460351	CURSO DE CESTERÍA	CURSO	1000
12646	ASOCIACIÓN DE ARTESÁNS DE MONDOÑEDO OS MUÍÑOS	G27305028	NADAL ARTESÁN	EVENTO	1000
12675	A.C. AMIGOS DA PANDEIRETA	G27396696	CONFECCIÓN MANDIL PARA TRAXE TRADICIONAL	CURSO	1000
12743	AMMRR O CHAO	G27189349	CURSO DE CESTERÍA	CURSO	997,50
12751	ASOCIACIÓN MEDIOAMBIENTAL SOCIOCULTURAL SANTIAGO DE REIGOSA	G27380930	CURSO DE RESTAURACIÓN	CURSO	1000
12791	A.CULTURAL E ARTESANAL DE PALILLEIRAS DE BEGONTE	G27470590	CURSO ENCAIXE DE BOLILLOS	CURSO	540
12866	ASOCIACIÓN AMAS DE CASA RÍO MIÑO	G27275288	CURSO DE CESTERÍA	CURSO	1000
12901	A.FESTEXEIROS DE PÍAS	G27499581	CURSO DE CESTERÍA	CURSO	997,50
12928	ASOCIACIÓN CULTURAL DEPORTIVA DE ARBOL	G27451681	CURSO DE BOLILLOS	CURSO	925,65
12933	ASOCIACIÓN CULTURAL A CHAVE DAS NOCES	G27471937	CURSO TEAR DE ALTO LIZO	CURSO	950
12957	APA CPI CERVANTES	G27445352	CURSO DE CESTERÍA	CURSO	1000
12995	AAVV PIÑEIRO QUETESSENDE LAXE BLANCA	G27365873	CURSO DE CESTERÍA	CURSO	942,59
13018	AAVV XARAVIGO DE SAN PEDRO DE MIRAZ	G27298421	CURSO DE CESTERÍA	CURSO	1000
13025	ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS A XUNTANZA DE CASTRO DE REI	G27288703	CURSO DE TEAR	CURSO	855

13045	AAVV CAMPO CRUCEIRO SANTA CATALINA POUSADA	G27298702	CURSO DE CESTERÍA	CURSO	826,50
13048	ASOC. CULTURAL E VECIÑAL SAN MARTÍN DE CORBELLE	G27119106	CURSO DE CESTERÍA	CURSO	574,75
13049	AAVV SAN COSME DE NETE	G27219567	CURSO DE CESTERÍA	CURSO	1000
13054	ASOCIACIÓN CULTURAL E VECIÑAL A RIGUEIRA	G27474527	CURSO DE CESTERÍA	CURSO	804,65
13083	AMMRR COUSAS NOSAS	G27213891	CURSO DE CESTERÍA	CURSO	1000
13088	AAVV SAN XULIÁN DE CAZÁS DE XERMADE	G27199405	CURSO PERFECCIONAMENTO DE CESTERÍA	CURSO	760
13127	ASPANANE VIVEIRO	G27027028	CURSO CERÁMICA RAKÚ	CURSO	647,27
13177	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS AGARIMO DE SANTABALLA	G27179134	CURSO DE BOLILLOS	CURSO	1000
13179	AAVV OS MILAGRES DE SAAVEDRA	G27363167	CURSO DE CERÁMICA	CURSO	1000
13179	XERMOLOS	G27014885	XXXIX FEIRA DE ARTESANÍA DE PARDIÑAS	EVENTO	1000
13597	APA E EX.ALUMNOS DE E.G.B.COL.NAC.MIXTO COMARCAL DE FOZ PADRE FEIJOO	G27019371	A COSTURA NAS LENDAS TRADICIONAIS	EVENTO	1000
				TOTAL	35387,77

#### LISTAXE DESESTIMACIÓNS /DESISTENCIAS SOLICITUDES CENTRAD 2018

Nº REXISTRO	ENTIDADE	CIF	ACTIVIDADE	CAUSA DESESTIMACIÓN/DESISTENCIA
12742	A.C. MIL CORES	G27449305	CREATIVIDADE E LECER:ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ARTESANÍA	PRESENTA DESISTENCIA DE SOLICITUDE
12745	AMMRR AMUGA AMANDI	G27487347	DECORACIÓN TEAS	DESESTIMADA. PUNTO 8 DAS BASES. NON SE ACHEGA DOCUMENTACIÓN
13019	A.C. A FONTE DE MERLÁN	G27428077	VII FIANDÓN CON ENCONTRO DE MÚSICA TRADICIONAL	POR TER CONCEDIDA SUBVENCIÓN POLO SERVIZO DE CULTURA PARA ESTA MESMA ACTIVIDADE
13424	AMMRR SAN BARTOLOMEU DE INSÚA	G27375856	X EDICIÓN TASCA TRADICIONAL DO LIÑO	PRESENTA DESISTENCIA DE SOLICITUDE

Contra este acordo, que pon fin a vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo isto sen perxuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 30 de novembro de 2018.- O PRESIDENTE, P.D Decreto nº 0402/2017, de data 24-02-2017 O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón, SECRETARIA A XERAL, María Esther Alvarez Martínez.

## CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

### *Anuncio*

O Pleno do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento en sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de novembro de dous mil dezaoitto, aprobou inicialmente o Orzamento da Entidade para o exercicio 2019 cos documentos que o conforman, incluída a Plantilla de Persoal e Relación-Catálogo de Postos de Traballo. De conformidade co previsto para os efectos no artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e demais disposicións de aplicación, o citado expediente expónse ao público na Secretaria-Intervención do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, sita na Excma. Deputación Provincial de Lugo a fin de que os interesados aos que fai mención o apartado 1 do artigo 170 dese texto legal, poidan examinalo e presentar reclamacións polos motivos que a tales efectos enumera o apartado 2 do propio artigo 170 citado e durante o prazo de 15 días hábiles.

Así mesmo, faise saber que transcorrido o devandito prazo sen que se presenten reclamacións o orzamento de 2019 considerárase definitivamente aprobado, procedéndose á súa publicación tal e como determina o artigo 169.3 do citado Texto refundido e coa finalidade da súa entrada en vigor.

No caso de se producir reclamacións serán elevadas ao Pleno do Consorcio, previos os informes que se estimen oportunos, para a súa revisión, resolución e adopción do acordo de aprobación definitiva expreso. Unha vez aprobado procederáse de seguido á súa publicación tal e como se establece no apartado precedente para a súa entrada en vigor.

Lugo, 30 de novembro de 2018.- O SECRETARIO DO CONSORCIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3453

## CONCELLOS

### CARBALLEDO

#### *Anuncio*

En sesión plenaria celebrada o 22 de novembro de 2018 foi inicialmente aprobado o expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito núm. 2/2018 para a aplicación do superávit orzamentario con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, por importe de **181.255,22€ (CENTO OITENTA E UN MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E CINCO EUROS CON VINTE DOUS CÉNTIMOS)**, o que faise público polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno; de tal xeito que o expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado período non fora presentada reclamación algunha ao mesmo.

Carballedo, 23 de novembro de 2018.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3464

## CHANTADA

#### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 14/11/2018 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento da Taxa polo servizo de Auga, sumidoiros, lixo e canón de auga correspondentes ao 5º bimestre do exercicio 2018.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 16 DE NOVEMBRO DE 2018.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 3384

## OUROL

#### *Anuncio*

### EXPOSICIÓN AO PÚBLICO



A Xunta de Goberno Local do Concello de Oourol en sesión extraordinaria celebrada o día 14 de novembro de 2018, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de OUTUBRO de 2018 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** por importe de tres mil catrocentos trinta e tres euros con tres céntimos (3.433,03 €), dos que mil seiscentos dous euros con sesenta céntimos (1.602,60 €) corresponden a libre concorrència e mil oitocentos trinta euros con corenta e tres céntimos (1.830,43 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Oourol, 22 de novembro de 2018.- O Alcalde - Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 3385

---

### **PANTÓN**

#### *Anuncio*

O Pleno do Concello de Pantón, en sesión *ordinaria* celebrada o día 26/11/2018 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos do orzamento en vigor na modalidade de suplemento de créditos, financiado con cargo *á baixa de crédito doutras partidas de gastos*.

E en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

En Pantón , a 28 de novembro de 2018.- O Alcalde, Jose Luis Alvarez Blanco.

R. 3386

---

### **A PASTORIZA**

#### *Anuncio*

O Pleno desta Corporación en sesión de data 29 /09/2018 aprobou inicialmente da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da piscina municipal e das súas instalacións complementarias.

No BOP núm. 231 de data 08/10/2018 publicouse o anuncio de exposición pública da aprobación inicial da antedita norma e ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, o acordo provisional adquire carácter definitivo e en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais faise público o seu texto íntegro para a súa entrada en vigor.

Contra a ordenanza aprobada poderase interpoñer, recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que contará dende o día seguinte ao da presente publicación.

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA PISCINA MUNICIPAL DE PASTORIZA E DAS SÚAS INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS.**

### **ARTIGO 1. FUNDAMENTOS E NATUREZA**

### **ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE**

### **ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS**

### **ARTIGO 4. RESPONSABLES**

### **ARTIGO 6. NORMAS DE APLICACIÓN DAS TARIFAS ANTERIORES**

### **ARTIGO 7. PERÍODO IMPOSITIVO E DE DEVENGO**

### **ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN**

### **ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

### **ARTIGO 1. FUNDAMENTOS E NATUREZA**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 141 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por prestación do servizo público municipal de piscina, ximnasio, e actividades complementarias que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó disposto no artigo 38 do citado RD Lexislativo 2/2004.

### **ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible da presente taxa a utilización das instalacións de Piscina Municipal e Ximnasio e prestación de servizos complementarios nas mesmas.

### **ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS**

Son suxeitos pasivos desta taxa, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria e 23 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, usuarios dos servizos descritos no artigo anterior.

### **ARTIGO 4. RESPONSABLES**

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria, así como os coparticipes ou cotitulares das Entidades recollidas no artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, que responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias da Entidade.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades, e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

### **ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA**

Establécense as seguintes tarifas:

<b>CONCEPTO</b>	<b>€/mes (IVE excluído)</b>
<b>1.- ENTRADAS E BONO</b>	
1.1.- Entrada libre sen limite de tempo e uso	3,00 (vez)
1.2.- Entrada menores de 16 anos	3,00 (vez)
1.3.- Entrada estudante universitario	3,00 (vez)
1.4.- Bono Baño	Redución 15%
<b>2.- ABONOS</b>	
2.1.- Individual con servizo deportivo (ximnasio)	25,00
2.2.- Individual ximnasio sen piscina	18,00

2.3.- Individual maior de 65 anos	18,00
2.4.- Individual colectivos desfavorecidos	18,00
2.5.- Individual menor de 16 anos	16,00
2.6.- Familiar (independente nº fillos)	35,00
<b>3.- CURSOS</b>	
3.1.- Curso 1 día semana	10,00
3.2.- Curso 2 días semana	20,00
3.3.- Curso 3 días semana	30,00
3.4.- Curso 5 días semana	50,00
3.5.- Preparación física oposicións con P. Training	40,00
3.6.- Natación bebés 1 día semana	19,00
3.7.- Natación bebés 2 días semana	30,00
3.8.- Natación bebés 5 días semana	55,00
<b>4.-OUTRAS ACTIVIDADES</b>	
4.1.- Rehabilitación, tarefa por sesión	15,00
4.2.- Revisión médica, tarefa por sesión	18,00
4.3.- Masaxe, tarefa por sesión	18,00
4.6.- Cursos de natación escolares 1 día semana	9,00
4.7.- Cursos de natación maiores e discapacitados 1 día semana	6,00
4.8.- Cursos de natación maiores e discapacitados 2 días semana	11,00
4.9.- Cursos de natación maiores e discapacitados 3 días semana	15,00
4.10.- Aluguer de rúas (45 minutos)	15,00
<b>5.-MATRÍCULA</b>	<b>0,00</b>

#### ARTIGO 6. NORMAS DE APLICACIÓN DAS TARIFAS ANTERIORES

1. A condición de abonado adquirese tralo pagamento da cota tributaria correspondente. O abonado ten dereito á utilización da piscina, zona relax, ximnasio e sala polivalente durante todo o horario de funcionamento da instalación.

2. As tarifas fixadas para os cursos, tanto de carácter xeral ou especial, terán para os abonados, unha redución do 33%, fronte ós non abonados.

3. Enténdese por abonado familiar o responsable da unidade familiar que pode incluír ó cónxuxe e fillos menores de 16 anos e que fan uso das instalacións sen limitación horaria nin de días. Os fillos/as ó cumprir os 16 anos deberán inscribirse nunha das categorías individuais.

4. Enténdese por abonado maior, unha persoa maior de 65 anos, que poidan facer uso das instalacións da piscina municipal e ximnasio sen limitación de días nin de horario.

5. Enténdese por usuario discapacitado, cando a discapacidade sexa superior ó 33%, segundo certificado expedido por Consellería de Servizos Sociais, e coa validación dos Servizos Sociais do Concello

#### ARTIGO 7. PERÍODO IMPOSITIVO E DE DEVENGO

O período impositivo coincidirá, nos abonados á piscina municipal, co mes natural, devengándose o primeiro día do período impositivo, sendo as cotas irredutibles por dito período.

As tarifas que deban satisfacer os non abonados á piscina municipal devengarase instantaneamente no momento de acceder ás instalacións.

O período impositivo, nos cursos impartidos na piscina municipal, coincidirá co período de desenvolvemento do curso, devengándose o primeiro día do período impositivo, sendo as cotas irredutibles por dito período.

#### ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN

1.- Mensualmente, polos servizos encargados da xestión da Piscina Municipal, elaborárase un padrón municipal de abonados para o cobro mensual das correspondentes cotas tributarias. A falta de pagamento das mesmas

ocasionará a imposibilidade de acceso á Piscina. Acumulados tres recibos pendentes de cobro, o abonado causará baixa no Padrón, debendo, no caso de nova solicitude de abonado á piscina, aboar a cota de entrada correspondente.

2.- Nas restantes instalacións e prestacións de servizos, esixirase o depósito previo do importe da taxa. As devolucións que procedan por falta de prestación do servizo por causas non imputables ó contribuínte, tramitarase polo procedemento que rexe o reintegro de pagos indebidos. Prestado o servizo, a cantidade ingresada en concepto de depósito previo será aplicada ó importe definitivo da taxa, exixíndose, no seu caso, a maior contía que resulte.

A utilización das instalacións referidas nesta Ordenanza, solicitaranse por escrito dirixido ó Concello de A Pastoriza e ao departamento correspondente, cos datos do solicitante, así como da persoa, equipo, entidade, colexio ou asociación que vaia facer uso das instalacións. Na mesma sinalarase ademais a persoa responsable do bo uso destas e data e tempo da utilización do servizo de que se trate.

Presentada a instancia, resolverase sobre a procedencia da utilización, que deberá ser motivada, no suposto que fora denegatoria.

3.- No caso de tratarse de actos ou actuacións extradeportivas por sociedades, partidos políticos ou outros espectáculos artísticos de índole non deportiva, serán resoltos pola Alcaldía, que en todo caso poderá solicitar os informes correspondentes de quen corresponda. Dita resolución sobre a procedencia ou improcedencia de conceder-la autorización para usar-las instalacións, será notificada ós interesados e ós servizos encargados da súa execución.

4.- A concesión das bonificacións sinaladas no artigo 5 da presente Ordenanza deberá ser solicitada polo usuario con carácter previo á prestación do servizo e informada polos Servizos Sociais do Concello. A falla desta solicitude ou a súa presentación extemporánea motivará a denegación da bonificación.

#### **ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ó disposto ao respecto na Lei Xeral Tributaria e na Ordenanza Fiscal Xeral.

#### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

A presente ordenanza fiscal, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de A Pastoriza, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e comezará a aplicarse dende a súa publicación, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

Na Pastoriza 27 de novembro de 2018.- O Alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 3387

#### *Anuncio*

O Pleno desta Corporación en sesión de data 29 /09/2018 aprobou inicialmente O Regulamento da actividade de uso da piscina municipal de Pastoriza e das instalacións complementarias.

No BOP núm. 231 de data 08/10/2018 publicouse o anuncio de exposición pública da aprobación inicial da antedita norma e ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, o acordo provisional adquire carácter definitivo e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da citada Lei, e procédese a publicación do seu texto íntegro para a súa entrada en vigor.

Contra o regulamento aprobado poderase interpoñer, recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses que contará dende o día seguinte ao da presente publicación.

#### **REGULAMENTO DA ACTIVIDADE DE USO DA PISCINA MUNICIPAL DE PASTORIZA E DAS INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS**

##### **TITULO PRELIMINAR**

##### **ARTIGO 1. OBXECTO**

##### **TITULO 1 DISPOSICIONS XERAIS**

##### **ARTIGO 2. CONCEPTO**

##### **ARTIGO 3. CUALIFICACIÓN XURÍDICA**

##### **ARTIGO 4. CLASIFICACIÓN DA INSTALACIÓN**

##### **ARTIGO 5. USO**

**TITULO 2. SOLICITUDES E ACCESO AS INSTALACIÓNS.****ARTIGO 6. ÁMBITO TEMPORAL****ARTIGO 7. NORMAS DE USO****ARTIGO 8. SOLICITUDES E AUTORIZACIÓNS****ARTIGO 9. FÓRMULAS DE ACCESO****TITULO 3. NORMAS XERAIS DE USO****ARTIGO 10. MEDIDAS HIXIÉNICO - SANITARIAS****ARTIGO 11. DÍAS DE APERTURA****ARTIGO 12. HORARIOS DE APERTURA****12.1 TEMPADA DE INVERNO****12.1.1 DE LUNS A SÁBADO****12.1.2 DOMINGOS E FESTIVOS****12.2 TEMPADA DE VERÁN****12.2.1 DE LUNS A SÁBADO****12.2.2 DOMINGOS E FESTIVOS****ARTIGO 13. AFORAMENTO****ARTIGO 14. NORMAS DE USO DA PISCINA****ARTIGO 15. NORMAS DE USO DOS VESTIARIOS****ARTIGO 16. NORMAS DE USO DO XIMNASIO E SALA POLIVALENTE****ARTIGO 17. CURSOS E ACTIVIDADES FORMATIVAS****ARTIGO 18. CUSTODIA DE OBXECTOS O EQUIPAXES****ARTIGO 19. PUBLICIDADE NAS INSTALACIÓNS****ARTIGO 20. EXPLOTACIÓN DE CONSUMIBLES****TITULO 4. DEREITOS, OBRIGAS E PROHIBICIÓNS ESPECÍFICAS****ARTIGO 21. DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS****ARTIGO 22. OBRIGAS DAS PERSOAS USUARIAS****ARTIGO 23. RESPONSABILIDADES DAS PERSOAS USUARIAS****TITULO 5. RÉXIME SANCIONADOR****ARTIGO 24. CUESTIÓNS XERAIS****ARTIGO 25. RÉXIME XURÍDICO E PROCEDEMENTO****ARTIGO 26. CLASIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNS****26.1 INFRACCIÓNS LEVES****26.2 INFRACCIÓNS GRAVES****ARTIGO 27. SANCIÓNS****DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA****DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA. ENTRADA EN VIGOR****DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEGUNDA. NORMATIVA SUPLETORIA****TITULO PRELIMINAR****ARTIGO 1. OBXECTO**

É obxecto do presente regulamento a regulación do uso e funcionamento da Piscina e instalacións deportivas complementarias de titularidade do Concello de A Pastoriza, así como os dereitos e obrigas das persoas usuarias das mesmas.

O presente regulamento será de aplicación á totalidade das instalacións e nas actividades nelas desenvolvidas nos termos establecidos no mesmo.

## **TITULO 1 DISPOSICIÓNS XERAIS**

### **ARTIGO 2. CONCEPTO**

1. Considérase Piscina Municipal a aquel edificio, dependencia, recinto, campo, pistas e dotacións anexas cuxa titularidade ostenta o Concello da Pastoriza, destinado especificamente á práctica deportiva da natación e á cultura física e lecer deportivo, incluíndo as zonas de equipamento, complementarias ou funcionalmente necesarias para o desenvolvemento da actividade deportiva.

2. Serán equiparables, a efectos de aplicación do presente regulamento, os espazos que, carecendo do carácter propio de instalacións deportivas, circunstancialmente habilítense como escenario de actividades deportivas relacionadas coas actividades propias da Piscina Municipal así como as instalacións deportivas que sen ser de titularidade municipal, poidan ser, en calquera momento cedidas por calquera título xurídico, ao Concello da Pastoriza para a súa xestión. Neste suposto, as citadas instalacións rexeranse polo establecido no presente regulamento salvo que o instrumento de cesión establecese un réxime propio de xestión.

### **ARTIGO 3. CUALIFICACIÓN XURÍDICA**

1. De conformidade co establecido na normativa autonómica sobre bens das entidades locais, a Piscina Municipal e instalacións complementarias futuras terán a cualificación de bens de dominio público, afectos ao uso público ou á prestación do servizo público do deporte.

2. A Piscina Municipal, independentemente da forma de xestión, será de acceso libre para toda a cidadanía, de forma individual ou colectiva, sen outras limitacións que as establecidas nas leis ou neste regulamento. En consecuencia, pode ser utilizadas tanto polas persoas físicas como as persoas xurídicas, sen ningún condicionante de territorialidade nin empadramento.

3. Con todo, o acceso á instalación estará condicionado polo seu aforamento e polas limitacións de capacidade que ciclicamente se establecesen, e ao pago dos prezos públicos vixentes establecidos para a actividade, cando cumpra.

Así mesmo, estará condicionado pola normativa específica aplicable en caso de actividades e espectáculos con asistencia de público e de acordo coa orde de preferencia previsto por este regulamento.

4. A Piscina Municipal da Pastoriza é unha instalación de servizo público xestionada polo Concello A Pastoriza. Dita xestión, por tanto será sen ánimo de lucro, aínda que poderán ser contratadas unha ou varias actividades propias do servizo a mercantís especializadas a través dun contrato de servizos e nunca a través dunha concesión. O obxectivo fundamental do Concello de A Pastoriza é conseguir a maior calidade no servizo prestado e a máxima rendibilidade social.

### **ARTIGO 4. CLASIFICACIÓN DA INSTALACIÓN**

En atención ás súas características e condicións de utilización, as instalacións deportivas municipais en xeral, poden clasificarse en instalacións públicas de uso regrado e de uso aberto.

A Piscina Municipal da Pastoriza considérase de uso regrado, pois estará sometida a un réxime específico de utilización, conforme a criterios de prelación e, segundo os casos, coa obrigatoriedade de satisfacer os prezos establecidos polo uso das mesmas.

Calquera outra instalación deportiva, similar ou non, que poida existir, que se use sen ningún condicionante, será considerada como de uso aberto e quedará excluída do presente regulamento.

### **ARTIGO 5. USO**

1. A Instalación da Piscina Municipal estará dedicada á práctica da actividade físico-deportiva escolar, ao deporte de esparexemento ou de lecer e tempo libre da cidadanía en xeral, así como ao deporte de competición do nivel adecuado ás características da instalación e aos requirimentos da competición de que se trate.

2. Na instalación, como norma xeral, só poderán practicarse os deportes aos que especificamente esta destinada a mesma e previa autorización municipal, aqueloutros cuxo exercicio resulte tecnicamente posible.

3. Con independencia dos usos deportivos pertinentes, tamén poderán autorizarse nas instalacións deportivas municipais, outras actividades non deportivas que resulten compatibles coas infraestruturas existentes e en las condicións particulares que se determinen, procurando que non interfiran no funcionamento normal das mesmas. Por exemplo, eventos, entrega de premios, celebracións ou calquera outra actividade de carácter non meramente deportivo.

